

# “Cine por ciclos”

## I. Xénese da actividade

Fai tres anos comezouse a adquisición de fondos en formato DVD para a biblioteca. Comezouse a adquisición de películas baseadas nun libro e ofertábase o pack. Colocáronse nun andel específico o libro e a película atados cun laciño (o cal era esteticamente xeitoso, pero na práctica démonos conta de que era un tanto engorroso) e no medio unha ficha contando a anécdota de “estaba mellor o libro”.

*(Levar unha ficha de modelo)*

As primeiras adquisicións foron ***Hamlet, Colmillo Blanco, El amor en los tiempos del cólera, Moby Dick, Farenheit...***

Pero ó tempo que se facía isto un compañeiro do equipo de biblioteca xa tiña elaborado o primeiro ciclo de cine no curso 2008/09: “**Ciclo de cine documental**”, logo viu o segundo “**Ciclo de cine de comedia**” e este ano estamos co “**Ciclo de cine musical**”.

*(Os títulos están na presentación)*

## II. Xustificación da actividade

A actividade pode ter varias xustificacións:

1. Pode xustificarse coma unha **actividade de “dinamización”** da biblioteca sen máis, ou sen menos, poderíamos dicir.
2. Pode xustificarse como unha **actividade de “expansión” da biblioteca**: o noso proxecto de fai dous anos era “A biblioteca sáese” e pretendía sacar a biblioteca fora do seu lugar habitual. Daí que as proxeccións foran no salón da actos, onde ademais o tamaño da pantalla e a disposición do salón (coa sala de butacas escalonada) fai máis o efecto de cine.

Así foi como presentamos o I Ciclo no curso 2008/09:

A biblioteca, moi cansa de estar encerradiña entre as catro paredes, decidiu botarse a andar, “traspasar” o seu espazo físico e meterse na pantalla do Salón de actos.

E fixoo en forma de ciclo de cine documental (coma no seu día fixeron as Misións pedagóxicas, claro está que o mérito daqueles homes e mulleres é moitísimo maior ca o noso).

Como ben sabedes, cada semana un grupo “baixa” ao Salón de actos a ver un documental.

Un total de vintetrés películas son as que se están proxectando (unha para cada grupo do instituto, axeitada a cada nivel). Case todas son películas “emblemáticas” do xénero, moi coñecidas e moitas delas premiadas en importantes festivais- que presentan unha visión crítica de moitos aspectos da sociedade actual. Outras, de corte histórico, como *O triunfo da vontade* ensínannos como era, por dentro, a maquinaria que puxo en marcha o nazismo.

Pretendeuse, sobre todo, que fose un ciclo variado e que recollese todos aqueles documentais representativos do xénero, desde os primeiros, coma *Nanuk, o esquimo* de 1922, ata os máis recentes coma *Grizzly man*, do 2006.

Teñen en común estas películas que, moitas delas, amosan distintas olladas do planeta. E adoitan ser olladas, que custa atopar na tele ou nos circuitos de cine máis comerciais. Case todas suxiren diferentes miradas do mundo: os protagonistas de moitas delas son nenos ou adolescentes aos que lles toca vivir situacións extremas e teñen que aprender a sobrevivir nelas e con elas, outras amosan a beleza do mundo animal. Tamén se incluíron algunhas máis sociais que nos achegan á terrible realidade da guerra de Bagdad ou ao conflito palestino...En definitiva, tratan temáticas variadas que ofrecen unha visión lúcida, reflexiva e diferente deste mundo que herdamos e no que vivimos.

3. Pode xustificarse dobremente como **actividade de “exhibición” de fondos** e unha **xustificación para a adquisición** destes.

O de “expansión” da biblioteca xa o temos acadado pois o ciclo de cine que organiza a biblioteca e se fai no salón de actos xa é un clásico no centro.

O de **“exhibición” de fondos e “xustificación” das adquisicións** é o que máis nos move nestes momentos.

-O feito de poñer unha película por grupo fai que logo os rapaces comenten entre eles e leven en préstamo as que viron os outros grupos do mesmo nivel ou diferente.

-Tamén supón adquirir **películas axeitadas ás distintas idades**, desde 1º de ESO a 2º de Bacharelato, e como sempre hai máis dun grupo de cada nivel, aínda que somos un centro pequeno, supón adquirir **variedade de fondos**.

-Por outro lado a elaboración do ciclo esixe ter uns **criterios claros á hora de elixir películas**: xa sexan películas señoiras da historia do cine, películas varias veces premiadas, películas tamén que non se ven asiduamente nos circuitos comerciais...Películas, como dicíamos na presentación do primeiro ciclo, que teñan certa carga de crítica social, referentes históricos, nenos coma protagonistas. Somos conscientes de que algúns rapaces se non é neste ciclo algunhas das películas non as verían nunca.

-Ademais da exhibición dos fondos en DVD inténtase facer algo relacionado co ciclo. Xunto co ciclo de cine de comedia, baixo o título “Rir da que pensar” elaborouse unha **guía de lectura** e fíxose unha pequena exposición de fondos bibliográficos que había na biblioteca relacionados co tema e adquiríronse outros que non había.

*(Citar algúns títulos da guía de lectura)*

-Este ano pretendíamos comezar a **creación dunha pequena “discoteca”** co pretexto do ciclo de cine musical, pero é algo que non vai dar tempo a facer, ó menos para exhibila canda as películas.

-Non só damos a coñecer os fondos ós alumnos/-as senón tamén ós compañeiros, que logo poden traballar cos rapaces nas clases as películas ou eles mesmos collelas e poñerlles a outro grupo.

### **III. Posibles melloras e dificultades na realización da actividade.**

Á parte de toda a labor de selección de películas, organización do calendario de proxección, e publicidade da actividade en si, desde a biblioteca non estamos facendo máis que un pequeno

folletíño cunha sinopse da película para dállela cando baixan a vela. Que os compañeiros traballen con esas películas, elaboren posibles cuestionarios sobre as películas e nos deixen o material na biblioteca para profesores de vindeiros cursos é unha asignatura pendente.

-Tamén temos **pendente** elaborar unha **enquisa ou algún tipo de formulario** que nos permita a avaliación obxectiva da actividade. Polo de agora só contamos cos comentarios dos profesores que acompañan ós rapaces á proxección ou comentarios que fan nas titorías.

-Tamén pensara unha compañeira do equipo nun **concurso** despois do 2º ciclo que tivera como premio unha bicicleta para aquel que demostrase ter visto todas as películas dos “dous ciclos”. Pero non houbo tempo de elaboralo.

-Entre as principais dificultades está por un lado adquirir os fondos. Hai películas que están descatalogadas, nese caso, buscamos unha alternativa ou en último caso proxectamos a que ten algún compañeiro, pero sempre intentamos comprala para que despois de vela estea en préstamo na biblioteca.

Temos un expositor xiratorio que nos deron dunha librería que pechou e nese expositor imos colocando as películas dos ciclos.

-A outra dificultade é elaborar o calendario. Os dous primeiros anos fixemos os ciclos entre o 2º e o 3º trimestre: unha proxección por semana. Este ano probamos a condensalo nun mes, unha proxección por día. Resulta complicado porque as películas non “cabem” en dúas sesións lectivas, e cando se trata de pedir horas, sobre todo se son desdroses é bastante lioso facer cadrar horarios. Sempre temos que ir explicando que non poñemos películas “ó peso”, por iso necesitamos máis de dúas horas (en 2º de bacharelato sempre andamos mal de tempo)

-Nunca facemos as proxeccións o último día de clase antes de vacacións ou tardes, en xeral intentamos que todas as actividades da biblioteca non sexan un recheo ou un entretenemento cando xa non se sabe que facer cos rapaces.

J. M. CAPARRÓS LERA, MAGÍ CRUSELLS y RICARD MAMBLONA: 100 documentales para explicar Historia. Alianza Editorial, Madrid, 2010. 262 páginas